

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane do 05/04/1971

Colección:

Data: 05/04/1971

De:

Marino Dónega;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con firma autógrafa]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Fernanda Sández Figueiras; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane do 05/04/1971

A Cruña, 5 abril 1971

Luis Seoane López
Buenos Aires

Benquerido e ademirado amigo:

Acúsoche recibo ao retallo de prensa e á carta impresa que dirixiches aos lectores de A NOSA TERRA. E, a verdade, non séi si agradecercho. Porque o envío responde a motivacións tan disparatadas que non entendo como poideches perder o tempo artellando unha ofensiva obvia. A túa vida e a túa obra deféndense sobranceiramente de seu. Unha conducta ilustre, permanentemente sostida ao longo dos anos, exemplar polo seu entusiasmo, polo seu desinterés e pola súa entrega a uns homes e a unha terra, está xa fóra de calquer incompreensión.

Eu algo soupen do asunto. Mais, confésecho, non presto moita atención ás cousas do Plata. Unhas, non as comprendo; e, outras, atópoas delirantes. E ísta é unha delas.

En agarda de vos ver por eiquí, recibide Maruja e máis tí cinguidas apertas de Fernanda e miñas

Dónega

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.